

**CONCELLO  
DE VIGO**



**VIGO  
EN GALEGO**

Estimada directiva:

O Concello de Vigo, a través da Concellaría de Normalización Lingüística e en colaboración coa Universidade de Vigo (UVigo), está a levar a cabo un labor de recollida e posta en valor da toponimia viguesa.

Este traballo, no que tamén colaboran en certas parroquias, comunidades de montes, é unha aposta colectiva para coñecernos máis sobre a nosa cidade. E é este un traballo colectivo no que a voz, o saber, os recordos das xentes do lugar son imprescindibles.

Os nomes de lugar, os topónimos, dannos información sobre tempos pasados (uns máis achegados outros máis remotos) e asemade, sérvennos para localizar referencias da nosa vida cotiá. Xa daquela, adóitase dicir, que a Toponimia (o conxunto dos nomes de lugar) é o libro da historia dun lugar, mentres que cada topónimo narra un capítulo desa historia común.

A “Toponimia do Val do Fragoso” é unha colección, publicada polo concello e a universidade, que recolle e dá a coñecer os nomes de lugar das parroquias vigesas. Coia, Lavadores e Beade son os tres volumes xa publicados.

Publicamos agora o cuarto volume correspondente ás terras de **Freixeiro e Sárdoma**.

Gustaríanos contar coa presenza de veciños e veciñas desta parroquia na súa presentación o vindeiro **martes, 10 de maio, ás 20:00 no IES Santa Irene (praza de América)**.

Nesta presentación Henrique Costas, profesor da UVigo e natural dunha destas parroquias -Sárdoma- falaranos sobre a relevancia da toponimia e, en concreto, dos nomes de lugar destas dúas parroquias.

Invitamos a esta presentación a cantas persoas queiran achegarse. E pedímoslle que nos confirmen a presenza de persoas da directiva pois de ser así, agasallaremoslles cuns exemplares do libro para a biblioteca da súa entidade. Poden confirmar no teléfono 986 81 02 81 de 9:00 a 14:00.

Moitas grazas por adiantado, e na espera de poder saudar personalmente, unha aperta.



Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
Concelleira de Normalización Lingüística  
Vigo, 2 de maio de 2016

MSG/mc